




Detalles

[INICIO](#) / [PRENSA](#) / DETALLES



A homenaxe “O escritor na súa terra”, impulsada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, recae na figura de Marilar Aleixandre. O galardón “Os Bós e Xenerosos” premiará aos concellos que organizaron o Premio Blanco Amor de Narrativa ao longo dos últimos trinta anos e o premio ás Institucións recae no Salón do Libro Infantil de Pontevedra

Albino Mallo

A homenaxe O Escritor na súa Terra, impulsada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, chega no 2010 a súa XVI edición recaendo, por decisión unánime da súa asemblea de socios e socias, na figura da escritora Marilar Aleixandre. Esta iniciativa anual conforma xa unha tradición na traxectoria da asociación, e tense constituído como unha celebración na que a terra de orixe ou de adopción do homenaxeado/a cobra un protagonismo fundamental nesta cita cultural. Trátase dunha celebración múltiple e popular na que se vén recoñecendo a entidade literaria de insignes figuras das nosas letras, a través dunha serie de eventos como a entrega do galardón Letra E de escritor/a (unha peza escultórica asinada por un/ha recoñecido/a artista galego/a), a plantación dunha árbore simbólica (elixida polo propio autor), a colocación dun monolito conmemorativo ou a inauguración dun espazo público co nome do/a homenaxeado/a ou cun nome elixido polo/a homenaxeado/a. A homenaxe a Marilar Aleixandre celebrábase na primavera do 2010. Outro importante premio outorgado pola AELG é “Os Bos e Xenerosos” que, na edición do ano que ven, recoñecerá o labor desenvolvido polos vinte e sete concellos que

organizaron o Premio Blanco Amor de Narrativa, que cumpre o vindeiro ano o seu 30º aniversario. No transcurso da Cea das Letras, que se celebrará na primeira semana de maio do 2010, entregarase o galardón ao concello de Poio, organizador do certame no 2010, en nome de todos os concellos que participaron na súa organización ao longo da súa traxectoria.

Tamén na Cea das Letras entregarase o premio AELG ás Institucións, que na edición 2010 será entregado ao Salón do Libro Infantil de Pontevedra. Recibiron o premio “O Escritor na súa Terra” desde 1995, Antón Avilés de Taramancos, Benardino Graña, Manuel María, María Xosé Queizán, Xosé Neira Vilas, Uxío Novoneyra (a título póstumo), Luz Pozo Garza, Xosé Chao Rego, Xosé Fernández Ferreiro, Salvador García-Bodaño, Pura e Dora Vázquez, María do Carme Kruckenberg, Manuel Lourenzo, Xosé Vázquez Pintor e Agustín Fernández Paz.